

CAPÍTULO 7

A perspectiva da família

1. Introducción

Neste apartado indagamos as opinións de pais e nais dos estudantes de educación primaria sobre algunhas das cuestións máis relevantes da educación dos seus fillos. O cuestionario de pais e nais deste informe presenta, basicamente, seis partes diferenciadas.

Na primeira parte recóllense unha serie de cuestións dedicadas a identificar os trazos e características máis salientables da mostra de pais e nais.

A continuación, nunha segunda parte ocupámonos do uso familiar da lingua.

O terceiro bloque de cuestións refírese á valoración que fan os pais e as nais dos servicios e mesmo do funcionamento da escola.

Na cuarta das alíneas facemos referencia á participación e implicación dos pais no centro.


No seguinte bloque atoparemos a valoración que realizan os pais e as nais das actividades que se realizan no centro.

Finalmente, parécenos axeitado dedicar unha alínea a coñecer e valorar os propios medios e recursos cos que contan as familias nos seus fogares para que o alumnado realice as súas tarefas escolares.

2. Datos de identificación


O número total de cuestionarios cubertos polos pais e as nais foi de 1.865; máis da metade deles foron respondidos polas nais (61 %), e só o 33 % polos pais.

Gráfico 36: Porcentaxe de pais e nais




A maioría dos pais-nais teñen idades comprendidas entre os 31-40 anos (55,7 %) e entre os 41-50 (31,6 %).

Gráfico 37: Porcentaxe de idade pais e nais




En termos porcentuais na provincia da Coruña rexístrase a máis elevada participación das familias (44,4%), seguida de Pontevedra cun 30,7%, Lugo cun 13,5% e Ourense cun 11,4%.

Gráfico 38: Participación das familias segundo as provincias




Preto da metade dos pais e nais (44 %) teñen estudos primarios; o 3,1 % non ten estudos. A porcentaxe de nais con estudos primarios e sen estudos é similar á dos pais (49,9 % e 4,1 % respectivamente).

Gráfico 39: Estudos de pais e nais




A actividade profesional da maioría dos pais é o emprego en empresas (37,8%); son funcionarios ou contratados da administración pública o 9,4 %, e dedícanse á agricultura, gandería ou pesca o 8,8 %. Algo menos da metade das nais (44,9 %) dedícase ós labores do fogar; o 15,5 % son empregadas en empresas e o 9,3 % funcionarias ou contratadas da administración pública.

Gráfico 40: Profesión dos pais e nais



Practicamente o 72 % dos pais manifestan estar activos laboralmente; un 2,3 % son xubilados, e un 4,9 % declara non ter emprego. Pola súa parte, as nais están nun 60,8 % activas, o 20,1 % no paro e só o 0,6 % están xubiladas. Como poderá advertir o lector a variable que atinxe á vida laboral non especifica se aquelas nais que se identifican coa categoría “activa” ou “en paro” teñen como actividade principal os “labores do fogar” ou outra das actividades profesionais mencionadas. O que se pode dicir, amosando a complexidade da cuestión, é que non poucas mulleres se autoperciben -o que é moi lóxico por outro lado- como persoas laboralmente activas, independentemente de que o seu traballo fundamental estea relacionado directamente cos labores do fogar.

Gráfico 41: Vida laboral dos pais e nais



Do total de pais-nais participantes na enquisa, só un 13% pertence ó Consello Escolar do Centro e un 41,1 % ás Asociacións de Pais, tal como recollen os dous gráficos que se presentan a continuación.

Gráfico 42: Pertenza ó consello escolar do centro





Gráfico 43: Pertenza ás APA

A maioría das familias teñen a súa residencia preto do centro escolar; máis concretamente, o 40,4% indica que a distancia entre a residencia familiar e o centro non chega a un quilómetro; o 22 % ten a súa casa situada a máis de catro quilómetros da escola.

As familias indican que o medio de transporte máis utilizado para desprazarse á escola (42,3 %) é o transporte escolar, aínda que un 41 % di que os nenos se desprazan a pé e só un 12,5 % en coche particular.

Cadro 75: Desprazamento ó centro

<i>Transporte escolar</i>	42,3%
<i>A pé</i>	41,0%
<i>Coche particular</i>	12,5%
<i>N/C</i>	4,2%
<i>Total</i>	100,0%

Dito con brevidade, o perfil da mostra de pais e nais que responderon á nosa enquisa pode quedar do seguinte xeito:

A maioría das respostas proceden das nais. Sen embargo, neste estudio deuse un maior índice de participación, á hora de cubrir e devolver a enquisa, por parte dos pais da provincia da Coruña.

Como era de esperar, ó tratarse de proxenitores de alumnos e alumnas de ensino primario, a maioría das nais e pais que contestan teñen unha idade situada entre os 31 e 40 anos.

Preséntase unha apreciable correspondencia no nivel de estudos entre pais e nais, sendo os estudos primarios os que en maior medida caracterizan o nivel académico de ambos.

En referencia á profesión de pais e nais, sobresaee especialmente a categoría de "contratados" (empregados por conta allea) no caso dos pais, e a de "labores de fogar" no caso das nais.

Como cabía esperar pola idade da mostra, a inmensa maioría atópase en situación laboralmente activa. Sen embargo, a proporción de nais que manifiestan estar en paro é, coas reservas interpretativas xa aludidas, cinco veces superior a esta mesma resposta sobre a situación laboral por parte dos seus conxéneros masculinos.


Desafortunadamente, a proporción de pais e nais que non se senten chamados a participar nas APA é apreciablemente superior á daqueles que si están asociados.

O CEG considera que debería articularse unha campaña de promoción do asociacionismo dos pais e nais dos escolares. Só, en efecto, a integración nas APA garante e posibilita unha efectiva colaboración dos responsables do alumnado na boa marcha dos centros. Os pais/nais han ser conscientes de que unha importantísima parte da axuda que poden prestar á formación dos seus fillos ha canalizarse a través da súa colaboración co colectivo escolar, tanto ou máis potenciado para lograr unha educación eficaz que a acción individual directamente dirixida a cada un dos escolares.

3. Uso do idioma

Está suficientemente recoñecida a importancia de indagar nun informe destas características a consideración, e mesmo o uso real que se fai no ámbito familiar da lingua propia da comunidade. Non podemos esquecer a importancia estratéxica da educación primaria como nivel de ensino no que, de modo máis claro, se proxectan toda unha serie de compoñentes ou aspectos sociolingüísticos por parte do alumnado.

Deste xeito foilles preguntado ás familias sobre o idioma que empregan maioritariamente na súa casa. O seguinte gráfico expresa os resultados das súas respostas.

Gráfico 44: Idioma empregado na casa

Como é ben visible, a porcentaxe de uso do galego na familia supera con certa amplitude á utilización da lingua castelá, o que pode ser atribuído, en parte, non só ás características da mostra estudada, senón tamén ó nivel de respostas recibidas desde as diferentes zonas ou espazos territoriais de Galicia.

Por unha parte, tratábase de indagar a maneira en que se distribúen, territorialmente falando, os usos lingüísticos das familias deses alumnos e alumnas de ensino primario na Comunidade Autónoma Galega e, por outra, queriamos coñecer dun xeito suficientemente concreto a relación entre os usos lingüísticos dos pais e das nais e a titularidade dos centros (público, privado e privado concertado).

3.1. Uso do idioma segundo a provincia

Se atendemos ás provincias, son as familias de Ourense as que falan máis o galego (67,9 %), seguidos en termos porcentuais dos da provincia de Lugo (64,3 %) A Coruña, (58,6 %) e Pontevedra (52 %). A provincia na que máis se fala o castelán é Pontevedra, 47,6 %, seguida da Coruña, 41 %, Lugo, 34 %, e Ourense, 32,1 %.

Cadro 76: Uso do idioma segundo a provincia

	<i>A Coruña</i>	<i>Lugo</i>	<i>Ourense</i>	<i>Pontevedra</i>
<i>Galego</i>	58,6%	64,3%	67,9%	52%
<i>Castelán</i>	41%	34%	32,1%	47,6%
<i>Outros</i>	0,4%	1,7%	-----	0,4%
<i>Total</i>	100%	100%	100%	100%

Estas diferencias no uso do idioma nas distintas provincias son estatisticamente significativos, tal como amosan os valores de chi cadrado .

Táboa 59: Comparación do uso do idioma segundo as provincias

	Valor	gl	Sig.asint. (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	27,962	6	,000
N de casos válidos	1744		

Tamén aquí estaría incidindo decisivamente o factor *rural/urbano*, no sentido xa apuntado a propósito dos cadros 30, 66 e 67.

3.2. Uso do idioma segundo a titularidade do centro

En segundo lugar, referirémonos á distribución segundo a titularidade do centro. Ó respecto temos que salientar que dos que falan galego, o 68,4 % teñen os seus fillos estudando en centros públicos, o 35,8 % en centros privados, e o 36,5 % en centros privados concertados.

Dos que falan castelán, o 31,2 % teñen os seus fillos cursando os estudos de educación primaria en centros públicos, o 64,2 % en centros privados, e o 62,8 % en centros privados concertados. Non se pode illar da consideración deste feito o dato de que os centros privados están, a diferenza dos públicos, maioritariamente instalados no medio urbano.

Cadro 77: Idioma segundo a titularidade de centro

	<i>Centro Público</i>	<i>Centro Privado</i>	<i>Centro Privado Concertado</i>
<i>Galego</i>	68,4%	35,8%	36,5%
<i>Castelán</i>	31,2%	64,2%	62,8%
<i>Outros</i>	0,4%	-----	0,7%
<i>Total</i>	100%	100%	100%

Estas diferencias nas porcentaxes son, como indican os valores de chi cadrado, estatisticamente significativas.

Táboa 60: Comparación do uso do idioma segundo a titularidade do centro

	Valor	gl	Sig.asint. (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson N de casos válidos	147,865 1632	4	,000

4. Recursos, dependencias e servicios cos que conta o centro

Nesta aliña preocupábanos indagar sobre o marco perceptivo das familias galegas en relación cos servicios xerais existentes nos centros escolares, xunto coa opinión que prevalece nos pais e nais verbo do funcionamento das escolas ás que acoden seus fillos.

O que pretendemos aquí é conseguir unha visión ampla sobre o grao de información que posúen os pais e as nais en relación coa existencia e funcionalidade dalgúns servicios importantes no normal desenvolvemento da actividade escolar. De tódolos xeitos, alén da información proporcionada, eramos conscientes de que tal encomenda excedería de sobra o seu nivel de información ó respecto. A nosa experiencia dinos que non poucas veces as familias cometen un erro atribucional no senso de crer que son os docentes os que mellor poden dar resposta a determinadas cuestións, e mesmo ás principais, que atinxen ós servicios e funcionamento da escola. Así se entende a frecuencia coa que os pais

e as nais despachan a miúdo algunhas contestacións a ítems, seleccionando a alternativa “bastante”, que non é moito nin pouco. Agora ben, esa limitación non debe eliminar nunca o dereito dos pais e das nais a pronunciarse respecto de elementos ou factores que lles afectan en tanto que repercuten nas condicións de escolarización dos fillos.

Interesámonos en cuestións previamente avaliadas como as máis sobranceiras no que atinxe á dotación e funcionamento dun centro de ensino primario. Pola rica experiencia de anteriores informes e traballos, decidimos acoutar a relación de aspectos susceptibles de ser explorados en relación con este colectivo. Estamos persuadidos de que as preguntas ós pais e nais neste tipo de estudos teñen que estar presididas pola sinxeleza e a claridade. Do contrario, non hai moita garantía de que o que están a responder sexa fiel reflexo da pregunta en concreto. Así é como dinamizamos a recolleita de datos nas familias, sempre coa intención de coñecer as súas impresións sobre os temas que tiñamos como realmente decisivos á hora de ofrecer unha panorámica de cómo ven os pais e as nais a situación das escolas de ensino primario en Galicia.


Veremos a continuación a valoración que fan os pais e as nais dos recursos e dos espazos con que contan os centros ós que acoden os seus fillos.

4.1. Recursos do centro

Era obrigado tamén entrar nunha dimensión de gran calado e na que as familias amosan unha gran sensibilidade respecto das escolas. Como usuarios que son do sistema educativo, entrever a tanxibilidade dos recursos, instalacións, espazos, etc, é algo pouco dado a análises sofisticadas. Trátase de saber sinxelamente se existen ou non, aínda que sexa moi importante tamén coñecer a súa suficiencia, conservación e uso efectivo. Trátase de cousas materiais, perfectamente visibles por calquera visitante ou observador das instalacións dunha escola.

Referíndonos primeiro ós recursos cos que conta o centro, un 27,3 % de pais e nais téñennos por escasos, mentres que o 31,7% concede a súa suficiencia marcando a alternativa “bastante”.

Gráfico 45: Valoración dos recursos do centro



Podemos comprobar que a valoración que fan as familias dos centros públicos, privados e privados concertados sobre os recursos con que conta o centro onde estudian os seus fillos é notoriamente diferente segundo a titularidade de centro. Nunca escala de 1 a 5, as medias correspondentes ós centros públicos, privados e privados concertados son respectivamente: 2.76, 3.68 e 3.35.

Táboa 61: Comparación da valoración dos recursos entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupo	141,128	2	70,564	50,983	,000
Intra-grupos	2322,472	1678	1,384		
Total	2463,600	1680			

O valor de $F=50.98$, cunha $p=.000$ indica, polo tanto, que existen diferenzas significativas entre os tres tipos de centros na valoración que os pais fan dos recursos. Para coñecer entre qué centros hai diferenzas significativas aplícase a proba de Scheffé, que nos permite constatar que tales diferenzas se pro-

ducen entre os centros públicos e privados e os privados concertados, e tamén entre os privados e privados concertados.

Táboa 62: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados na valoración dos recursos

MEDIAS	Centro Público 2,76	Centro Privado 3,68	Centro Privado Concertado 3,31
Centro Público 2,76	-----	-,92* (p=,000*)	-,55* (p=,000*)
Centro Privado 3,68	,92* (p=,000*)	-----	,37* (p=,034*)
Centro Privado Concertado 3,31	,55* (p=,000*)	-,37* (p=,034*)	-----


* As diferencias son significativas cunha probabilidade menor que 0.05

O que isto significa, en termos prácticos, é que os pais e as nais manifestan, nos diferentes tipos de centros, unha percepción marcadamente distinta sobre a existencia, pertinencia e calidade dos recursos dispoñibles nos centros de ensino primario na nosa Comunidade Autónoma, a favor dos centros privados.

4.2. Dependencias do centro

Preguntando máis en concreto polos espacios e o seu axuste ás necesidades educativas do alumnado, as familias opinan que son “bastante” axeitados nun 42%, que, sumados ó 13,80% que o cualifican de “moito”, dan un balance favorable do 55,80%, fronte ó 16,90% que din “algo”, ó 14,40%, que o consideran “pouco”, e o 10%, que se inclinan incluso polo “nada” .

Gráfico 46: Valoración das dependencias das que dispón o centro



Así mesmo, en relación cos espazos, a valoración media por parte dos pais que teñen fillos cursando estudos de primaria en centros públicos é 3,22; a valoración media das familias con fillos que acoden a centros privados é 3,77; para os centros privados concertados, a valoración media dos espazos por parte dos pais e nais é 3,64, sempre, por suposto, nunha escala que vai de 1 a 5.

Táboa 63: Comparación dos espazos entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	73,670	2	36,835	26,109	,000
Intra-grupos	2389,927	1694	1,411		
Total	2463,597	1696			

O valor de $F=26.109$, cunha $p=.000$. Polo tanto, existen diferencias significativas entre os tres tipos de centro na valoración dos espazos dos que dispón o colexio. Para coñecer entre qué centros hai diferencias significativas aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 64: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados nos espazos do centro

MEDIAS	Centro Público 3,22	Centro Privado 3,77	Centro Privado Concertado 3,64
Centro Público 3,22	-----	-,55* (p=,000*)	-,43* (p=,000*)
Centro Privado 3,77	,55* (p=,000*)	-----	,13 (p=,674)
Centro Privado Concertado 3,64	,43* (p=,000*)	-,13 (p=,674)	-----


As diferencias significativas prodúcense, neste caso, entre os centros públicos e privados e entre os privados e concertados.

5. Funcionamento do centro e actividades

5.1. Criterios de promoción

A promoción do alumnado e os criterios empregados para tal mester, xeran case sempre parte importante do debate entre familias e docentes, por non mencionar agora a enorme atención que a este tema lle teñen prestado as asociacións e federacións de pais e nais de alumnos e alumnas tanto en Galicia coma no resto do Estado. Preguntóuselles, pois, respecto da bondade dos criterios empregados na escola para tales efectos. Nada menos que o 52,4 % ven os criterios de promoción actuais como “bastante” axeitados, e é unicamente o 2,1 % os que invalidan tales criterios de consideración común.

Gráfico 47: Valoración dos criterios de promoción



A valoración media que fan os pais e nais de centros públicos, privados e concertados verbo dos criterios de promoción que ten o centro para os alumnos e alumnas de primaria é diferente, tal e como reflicten as medias respectivas acadadas (3,55; 3,98; 3,90). Estas diferencias son estatisticamente significativas, como revelan os resultados da análise de varianza realizada.

Táboa 65: Comparación das actividades de promoción entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media Cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	45,321	2	22,661	31,276	,000
Intra-grupos	1175,223	1622	,725		
Total	1220,544	1624			

En efecto, o valor de $F=31.276$, cunha $p= .000$, indícanos que existen diferencias estatisticamente significativas entre os centros públicos, privados e concertados na valoración dos criterios de promoción que emprega a escola para a promoción do alumnado de primaria. Co fin de coñecer entre qué centros se producen esas diferencias significativas aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 66: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados nos criterios de promoción


MEDIAS	Centro Público 3,55	Centro Privado 3,98	Centro Privado Concertado 3,90
Centro Público 3,55	-----	-,42* (p=,000*)	-,35* (p=,000*)
Centro Privado 3,98	,42* (p=,000*)	-----	7,79E-02 (p=,752)
Centro Privado Concertado 3,90	,35* (p=,000*)	-7,79E-02 (p=,752)	

Neste caso as diferencias son entre centros públicos e privados e tamén os públicos e privados concertados. Así pois, os pais e nais de centros privados valoran de xeito máis axeitado os criterios de promoción empregados na escola que os dos centros privados concertados e dos públicos.

5.2. Información recibida do centro

Un aspecto especialmente importante en relación coa instancia familiar vén dado polo fluxo de información que se lles proporciona ós pais desde as escolas. Sobre tal aspecto preguntámoslles ós pais e nais pola regularidade informativa con que o centro lles dá conta do que acontece coa educación dos seus fillos. Este caudal informativo desde as escolas recibe unha considerable anuencia confirmatoria nun 38,3 % dos casos. Sen embargo, un 10,5 % dos pais e nais aínda segue a percibir, a xulgar polas respostas procesadas, “pouca” información regular desde a escola.

Gráfico 48: Información do centro



A valoración que fan os pais e as nais verbo da regularidade coa que reciben información do centro onde estudian os seus fillos é diferente segundo a titularidade do mesmo. A media correspondente ós centros públicos é 3,62; para os centros privados é 4,14; e para os centros privados concertados é 3,96.

Táboa 67: Comparación da recepción de información regularmente do centro entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupo	51,463	2	25,732	19,835	,000
Intra-grupo	2206,640	1701	1,297		
Total	2258,103	1703			

O valor de $F=19.835$, cunha $p=.000$, indica que existen diferencias significativas entre os tres tipos de centro na valoración verbo da regularidade con que reciben información do seu fillo/a. Para coñecer entre qué centros hai diferencias aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 68: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados na recepción de información regularmente


MEDIAS	Centro público 3,62	Centro privado 4,14	Centro privado concertado 3,96
Centro público 3,62	-----	-,52* (p=,000*)	-,34* (p=,000*)
Centro privado 4,14	,52* (p=,000*)	-----	,19 (p=,389)
Centro privado concertado 3,96	,34* (p=,000*)	-,19 (p=,389)	-----

Temos de novo, polo que é perfectamente visible na táboa anterior, que hai diferencias neste caso entre os centros públicos e privados e entre os centros públicos e os privados concertados.

Sobre todo, pensando nos que contestan afirmativamente esa información puntual, parece de interese saber das distintas canles polas que tal información chega ás familias. Destaca, extraordinariamente, a figura do profesor/titor como vehículo fundamental na confluencia escola-pais. A segunda fonte informativa detectada neste particular reside nos propios fillos, aparecendo en terceiro lugar a dirección das escolas como instancia máis salientada polos proxenitores á hora de ser informados do que pasa no centro.

A implicación dos pais e as nais na marcha do centro escolar non depende exclusivamente da vontade colaboradora deles, senón tamén, e en moi significativa parte, da atención a efectos informativos que lles preste o propio centro. Non é posible implicarse naquilo que só moi escasamente se coñece.


Polo que, por outra banda, respecta á información puntual verbo de todo o relativo á marcha do alumnado, hai que ter en conta que nos atopamos, non só ante unha conveniencia ou oportunidade, senón tamén ante un dereito pleno por parte dos pais e nais, que ten que respectarse, aínda que sexan en determinados casos as propias familias as que manifesten excesivo celo en que así se cumpra.

Gráfico 49: Canles de información¹

5.3. Actividades de recuperación

Neste novo bloque de temas interesaba descubrir un perfil de opinión verbo das actividades de recuperación nas escolas, pensando naqueles estudantes que quedan sen promocionar. A contundencia das respostas dos pais déixase sentir na porcentaxe (36.6%) daqueles que responden como suficientemente (“bastante”) axeitadas ás actividades de recuperación que se programan.

Gráfico 50: Actividades de recuperación



¹ Os valores que se recollen no gráfico 77 correspóndense as valoracións que as familias outorgan ás distintas canles de información de xeito aillado, polo que non debe sorprendere que a suma das porcentaxes de tódalas categorías da variable presentada supere o 100%.

A valoración media que fan os pais e nais verbo das actividades de recuperación programadas polos centros para o alumnado de primaria que non promociona son diferentes segundo a titularidade do centro. Concretamente, nunha escala de 1 a 5, as medias obtidas para os centros públicos, privados e privados concertados son, respectivamente, 3,24, 3,75, e 3,59.

Táboa 69: Comparación das actividades de recuperación entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	gl	Media Cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	48,047	2	24,024	23,062	,000
Intra-grupos	1552,098	1490	1,042		
Total	1600,145	1492			

Para comprobar se esas diferencias son estatisticamente significativas, realizamos unha análise de varianza. O valor $F=23,062$, cunha $p= .000$ permítenos dicir que existen diferencias significativas entre os centros públicos, privados e privados concertados á hora de valorar as actividades de recuperación que se propoñen para o alumnado de primaria.

Co obxecto de coñecer entre qué centros hai diferencias significativas aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 70: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados nas actividades de recuperación

MEDIAS	Centro público 3,24	Centro privado 3,75	Centro privado concertado 3,59
Centro público 3,24	-----	-,52* (p=,000*)	-,35* (p=,000*)
Centro privado 3,75	,52* (p=,000*)	-----	,16 (p=,458)
Centro privado concertado 3,59	,35* (p=,000*)	-,16 (p=,458)	-----

Como se pode observar, hai diferencias entre os colexios públicos e privados e entre os públicos e os concertados, pero non as hai entre os centros privados e os concertados.

O CEG considera necesario insistir en que, certamente, as actividades de recuperación constitúen un elemento fundamental dentro dunha debida atención á diversidade, que é hoxe ineludible esixencia do sistema escolar. Este soamente pode dar mostra de eficacia cando logra unha flexibilidade que faga posible a acomodación á situación e circunstancias de cada alumno concreto. Non existe o escolar para a escola, senón a escola para o escolar: a persoa dá sentido á institución e, por iso mesmo, esta ten que axusta-la súa dinámica ó ritmo de avance da persoa.

5.4. Actividades relacionadas con contidos transversais


Nunha perspectiva máis ampla que a estrictamente escolar, e co propósito de indagar respecto de obxectivos formativos nun plano de educación claramente transversal, interesámonos polo coñecemento que teñen as familias respecto da realización no centro ó que acoden os seus fillos dunha tipoloxía de actividades na dirección antes indicada, así como da importancia que outorgan a estas. En xeral, as respostas dos pais e nais permiten afirmar que non hai unha carencia total deste complexo de actividades, aínda que tampouco se pode deducir un panorama optimista ó respecto agás no que atinxe ás saídas escolares e á promoción de hábitos de hixiene.

Xa de maneira máis concreta, e referíndonos precisamente ás actividades que vimos de mencionar, o 68,5 % dos pais e nais informan que si se promocionan hábitos de hixiene no seu centro escolar de referencia, e nada menos que o 77 % coinciden no recoñecemento da efectiva realización de saídas escolares, entendendo por tales unha xeira de actividades para o mellor artellamento operativo dalgúns obxectivos na educación do alumnado.

As outras posibles actividades que foron obxecto de indagación nas familias tiñan que ver coas revisións médicas, control de menús e alimentos do comedor escolar, educación para o consumo e, finalmente, educación sexual.

Non hai, dito en termos globais, unha opinión unánime, nin sequera maioritaria, nunha dirección determinada por parte dos pais e das nais. É un feito que as diferencias de resposta en termos cuantitativos presentan unha marxe de oscilación realmente cativa, ó non rebordar, sempre en termos porcentuais, os dez puntos.

Gráfico 51: Actividades relacionadas cos contidos transversais²



Independentemente da claridade que amosa a táboa de datos, permitímonos unha sinxela alusión ós principais. Así, cómpre salientar o empate técnico que de xeito meridiano aparece nas respostas dadas sobre a realización de “revisións médicas periódicas” (si: 41,1 %; non: 41,4 %; N.C.: 17,4%).

Nesta mesma liña, cando se lles pregunta polo control de menús e alimentos no comedor escolar, o 27,6 % parece consciente de que, en efecto, ese control ten lugar, mentres que o 25,9 % responde que non se realiza. Así mesmo, chama particularmente a atención a elevada porcentaxe de pais e nais que non emiten unha resposta ó respecto (concretamente 867, é dicir, o 46,5 %).

A distancia entre as respostas afirmativas e negativas dilátase un pouco máis no caso de actividades relacionadas coa educación para o consumo. Aquí as familias decántanse nun 42 % dos casos por unha resposta positiva, acadando unha porcentaxe do 28,8 % a opinión daqueles que contestan negativamente á realización deste tipo de actividades, mentres que o 29,2% non opina ó respecto.

Para rematar, no que atinxe ás actividades que se poden integrar nunha dinámica de educación sexual, son nove os puntos que separan o marco perceptivo das opinións recabadas. De xeito específico, o 41,4 % recoñece que se levan a cabo accións deste tipo, mentres que o 33,5 % manifestan o contrario, e un 25% prefiren non contestar esta pregunta.

² As porcentaxes recollidas no gráfico 79 corresponden só ás respostas da categoría “si” en relación coas actividades que se realizan no centro educativo no que estudian os seus fillos.

Onde non parece haber dúbida digna de aprecio na análise é na disposición cualitativa das preguntas en canto se lles pedía que indicasen o grao de importancia de cada unha das actividades polas que se pregunta no cuestionario. Como se pode ver no seguinte cadro, as respostas que acadan o meirande consenso están situadas sistematicamente dentro da escala presentada, nas categorías “bastante” e “moito”.

Cadro 78: Valoración das actividades relacionadas cos contidos transversais

	<i>Nada</i>	<i>Pouco</i>	<i>Algo</i>	<i>Bastante</i>	<i>Moito</i>	<i>N/C</i>
<i>Promoción hábitos hixiene</i>	1,4%	5,1%	10,2%	28,4%	38%	16,8%
<i>Revisións médicas periódicas</i>	7,4%	8,8%	12,3%	21,3%	26,6%	23,5%
<i>Control menús e alimentos</i>	8,4%	2,2%	4,5%	11,8%	18,7%	54,4%
<i>Educación para o consumo</i>	5,5%	6,3%	13,5%	24,9%	18,4%	31,7%
<i>Educación sexual</i>	7,6%	6,7%	15,4%	23,6%	19,7%	27,1%
<i>Saídas escolares</i>	1,6%	7%	17,3%	37,7%	21,6%	14,8%

O CEG propón unha intensificación do labor educativo no campo sexual, non só pola conveniencia de que os escolares coñezan adecuadamente tódalas dimensións da propia persoa e dos propios resortes de comportamento senón tamén polo que a educación sexual comporta na orde hixiénico-sanitaria, onde pode quedar gravemente comprometida a saúde.

En parecido sentido, resulta imprescindible que o sistema escolar tome consciencia cabal da necesidade de formar no alumnado os hábitos dun racional consumo, que defenda o mundo infantil e xuvenil da ameaza de despersonalización, dos comportamentos acrícticos e, en definitiva, da escravización a un consumismo compulsivo e, desde logo, insolidario.

6. Participación e implicación dos pais e nais no centro

É ben sabido que a participación dos pais e nais na xestión que ten que ver coa educación dos seus fillos deriva, como dereito, da mesma Constitución de 1978. En efecto, o artigo 27 da Carta Magna recoñece o dereito que asiste á comunidade educativa a participar no control e a xestión do centro educativo sostido con fondos públicos. É tamén claro que tal participación non se pode

levar a cabo á marxe dos outros axentes que na comunidade educativa teñen, así mesmo, responsabilidades educativas.

Da importancia deste tema que agora aparece, tan angosto na súa semántica pedagóxica, da boa idea o feito de que xa o propio Consello Escolar da nosa comunidade autónoma ten publicado un Informe, tamén realizado neste ICE, sobre a participación nas escolas galegas (1993-94) (ver Xunta de Galicia, 1996). A participación, como dicía daquela o vicepresidente do Consello, está na base do ordenamento democrático da nosa sociedade, e a escola, que é parte desa sociedade, non pode manterse allea a unha realización efectiva e mesmo exemplar da participación.

Pódese dicir, alomenos en xeral, que a participación dos pais e nais na escola forma parte do discurso socio-educativo, ata o punto de facerse indisoluble do tratamento analítico que se poida dispensar ó ensino primario, non só en Galicia, senón en calquera contexto ó que se refira a cuestión que tratamos. Xa que logo, é congruente afirmar que o 'ethos' da educación primaria hai que entendela tamén no marco dunha relación permanentemente difícil e permanentemente necesaria. (Cullingford e Morrison, 1999).

A relación centro-familia, pais-mestres, escola-comunidade, aparécenos a modo de eixes conxuntivos para que non deixemos nunca de someter a exame a riqueza ou pobreza dun estado comunicativo entre axencias fundamentais para a mellor educación e desenvolvemento dos nosos rapaces.

Debemos insistir en algo sobradamente coñecido: que a participación supón unha concepción democrática da educación e unha confianza na forza da razón deliberativa, dos valores do diálogo, a negociación e o consenso para o encarrilamento e resolución dos problemas. Pero a participación representa un instrumento de cambio e mellora continuada no ámbito escolar, na medida en que temos que asociala, de xeito concreto, á optimización de procesos e produtos na educación en xeral e no ensino en particular (ver Pedró, 1994; Xunta de Galicia, 1996).

É ben certo que a cultura da participación non se improvisa. Ten determinantes históricos e aínda presenta atrancos de carácter político-administrativo, ligados á singularidade coa que se desenvolven e se segue a desenvolver a configuración e paulatino reforzamento da sociedade civil no noso país. As palabras dun avezado especialista en cuestións didáctico-organizativas exprésao de maneira intelixente. O que sucede cos pais e as nais, significa Santos Guerra (1994), esixe analizar os fenómenos que teñen lugar nos centros, as estruturas nas que

se artellan e, sobre todo, os valores que os inspiran. Por iso, remata con moito tino e agudeza apreciativa, as intuicións, as suposicións e as xeneralizacións (gratuítas e sen fundamento empírico, engadimos pola nosa parte) producen confusión, ou incluso algo peor, serven de soporte a intereses particulares.

Pensamos que un informe destas características non é o lugar mais axeitado para elevar o ton da discusión, xa clásica, sobre a participación dos pais e das nais na escola. Cremos que o noso labor debe reducirse a dar conta, aquí e agora, dun estado de cousas, apoiados polos datos obtidos que teñen que ver coa realidade do tópic no marco de referencia que nos é propio. Tal posición non se debe interpretar como un punto de vista aséptico, imposible por outra parte nunha cuestión deste calado social e comunitario, nin tampouco como falta de compromiso crítico coa mellora e o pulo a esa participación, na que se segue advertindo bastante indiferencia por parte dunha cidadanía que en boa medida persiste na súa renuncia, tal vez porque continúa vixente a percepción de que participar, aberta e directamente, representa máis riscos que oportunidades.

Esta mesma percepción ten que ver bastante cunha anticipación dos efectos que poden supor determinados conflitos, case sempre mal xestionados entre profesorado e pais e nais. As acusacións de intrusismo por parte duns e de corporativismo e desleixo por parte dos outros non contribúe ó clima de traballo cooperativo que cabería esperar, e que tamén se produce –hai que dicilo- en moitas escolas.

Un grave problema derivado da non axeitada xestión dun conflito deste teor é que, en moitas ocasións, son as familias os que acaban desistindo porque lles pode a lóxica preocupación de que sexan os seus fillos os primeiros prexudicados. E por iso que a miúdo, e por mor desa sensación de ter limitadas na práctica as teóricas posibilidades de participación, bastantes familias canalizan a súa participación case que exclusivamente cara tarefas –léase actividades extraescolares- que pouca ou ningunha ansiedade xeran, pero que os apartan doutro tipo de accións con maior empaque educativo.

Temos que ser capaces de clarear, con responsabilidade, o verdadeiro sentido e alcance da participación dos pais e nais na escola. E tamén é absolutamente necesario que desde a dirección das escolas, e do profesorado destas, se entenda, definitivamente, que a participación pode supor axuda e canle de mellora na vida global do propio centro, e aínda máis alá da propia escola na medida na que se vai conseguindo un tipo de relación menos formal e desburocratizada (Cullingford e Morrison, 1999).

Na nosa condición de analistas, debemos considerar tamén algunhas contradicións nas dinámicas desenvolvidas nas últimas décadas. Falamos, claro está, de contradicións políticas (ás veces parécenos estar asistindo a un exorbitado e retórico reclamo de participación desde a legalidade, sen contar cos medios que a poidan fornecer) e das contradicións na teoría educativa, pois, como di Rambla (1998), o discurso pedagóxico alude ás familias dentro de dous contextos atribuíndolles un significado distinto en cada un. Se as publicacións especializadas nos lembra que a participación aumenta o rendemento académico do alumnado, non poucas mensaxes culpan directamente as familias da súa escasa presenza nos centros educativos (ver Fernández Enguita, 1992).

Cómpre, xa que logo, ponderación e sentido congruente da participación na escola. O pulo participativo das familias debe ser reforzado por tódolos medios e mecanismos ó alcance da Administración educativa, sempre baixo o escrupuloso respecto ás funcións e competencias de cada parte, sen intromisións nin corporativismos decimonónicos, buscando as mellores vías de colaboración efectiva en cada caso, sen reducir ou marxinar a implicación das familias nas tarefas educativas dos seus fillos.

Non chega co típico posicionamento pragmático-legal, no senso de dicir ¿para que debater sobre este asunto da participación das familias na vida das escolas se o tema xa está arranxado polas normas, desde as básicas como é a Constitución, ata as regulamentarias de cada instancia competencial? É ben certo que a Carta Magna e mesmo importantes leis teñen prescrito a participación das familias na xestión e na toma de decisións a través dos consellos escolares, pero isto non di moito se non conseguimos mobilizar outros canles de racionalidade, máis relacionados co fortalecemento da sociedade civil, nesa dirección, de profundamento na cultura democrática do noso país e, se nos é permitido, de ampliación cualitativa da democracia cultural.

Xa que logo, non é só un tema de cumprimento legal, senón de activar un compromiso coa liberdade, pero tamén coa responsabilidade dos membros da comunidade educativa. O propósito non pode ser outro que a mellora dos procesos educativos por medio da mellora –aínda que teña custos– nos procesos comunicacionais, que esixen deliberación, argumentación, racionalidade dialóxica, en definitiva; aprendizaxe cívica.

A legalidade, como di Santos Guerra (1994), non leva aparellada a transformación da realidade. Máis aínda, pode ser peor o remedio que a enfermidade, xa que a simple formalización dun proceso social desta envergadura non

optimiza ningún control democrático por parte dos pais e das nais e das familias en xeral.

Con todo, como xa se engadía por parte do Consello Escolar de Galicia, no estudio publicado hai agora un lustro (Xunta de Galicia, 1996, p. 263), temos que seguir facendo un exercicio de posibilismo, superador das posturas escépticas que aínda parecen imperar nestes intres. Porque non se trata de colmar as nosas expectativas comunitarias contentándonos con dicir que todo vai ben porque as disposicións formais dan o xogo que cabería presumir.

Cómpre avaliar fortalezas e debilidades da participación dos pais e nais, extraendo as consecuencias políticas e pedagóxicas oportunas para cada actuación e para o sistema como un todo, reparando nas estratexias que permiten avanzar, e naquelas que teñen atrancado posibilidades de comunicación e de aprendizaxe mutuo. Desde logo, a lectura positiva permanece asociada a notables estudos nos que se corrobora a tese das vantaxes e beneficios da participación colaborativa escola-familia. As escolas máis eficaces son aquelas que pensan nas familias e noutros recursos da comunidade á procura de axuda e consello. Trátase daquelas que esperan que os pais e nais confirmen as altas expectativas que a escola ten para tódolos nenos, e que proporcionan ós pais e nais pautas sobre cómo mellorar a aprendizaxe de seus fillos (García Bacete, 1998).


As familias son suxeitos activos cos que hai que contar na consecución do éxito educativo por parte do alumnado. De acordo coa perspectiva ecolóxica de Bronfenbrenner (1979), familias e docentes teñen que intentar compartir metas comúns e, naturalmente, o mellor procedemento para acadalas é traballando xuntos.

Aínda que a participación dos pais e nais está ligada a distintos ámbitos (Consello Escolar do Estado, consellos escolares das comunidades autónomas, consellos escolares municipais, consellos escolares de centro) neste informe ímonos referir tanto á participación a título individual dos pais e nais como á súa condición de posibles membros de asociacións.

6.1. Participación no centro

Principiamos tratando de saber verbo dun indicador de calidade tan importante como é a participación da nai, do pai ou de ámbolos dous na vida da escola. En termos xerais, manifestan participar “bastante” un 30,1 % dos enquisados, mentres que contestan “algo” un 25,3 %, aproximadamente.

Gráfico 52: Participación nas reunións do centro



Por outra parte, vemos que o grao de participación dos pais e nais nas reunións convocadas polos centros varía atendendo á súa titularidade. A media de participación máis elevada corresponde ós pais e nais dos centros concertados (3,53), seguida da participación dos pais e nais de centros públicos (3,38), e dos privados (2,98).

Os valores comparativos da participación das familias na vida dos centros permiten constatar, significativamente, que a participación dos pais e nais diminúe na medida en que invisten máis en educación. Parece como se o elevado nivel de investimento dispensase xa de máis preocupacións. É preciso que esta proporcionalidade inversa desaparezca.

Neste sentido o CEG considera imprescindible que se leve a cabo a través da acción dos centros, e ademais a través tamén dos grandes medios de comunicación social, unha campaña de concienciación verbo da necesidade de que as familias se impliquen máis na vida dos centros. Hai problemas, mesmo na orde da boa convivencia, en que o centro é incapaz de actuar eficazmente se non se conta coa colaboración efectiva das familias. Pero non só destas individualmente e en relación con soamente os problemas dos seus fillos, senón que é imprescindible unha acción conxunta, e só a través das asociacións poden articularse eficazmente.

Táboa 71: Comparación da participación dos pais e nais nas reunións entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media Cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	22,704	2	11,352	7,842	,000
Intra-grupos	2460,753	1700	1,448		
Total	2483,457	1702			

O valor de $F=7.842$ cunha $p=.000$, reflicte a existencia de diferencias significativas entre os centros na participación dos pais e nais nas reunións convocadas por estes. Para coñecer entre qué centros hai diferencias significativas aplícase a proba de Scheffé.


Táboa 72: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados na participación dos pais e nais nas reunións

MEDIAS	Centro público 3,38	Centro privado 2,98	Centro privado concertado 3,53
Centro público 3,38	-----	,40* ($p=,000^*$)	-,15 ($p=,076$)
Centro privado 2,98	-,40* ($p=,000^*$)	-----	-,55* ($p=,000^*$)
Centro privado concertado 3,53	,15 ($p=,076$)	,55* ($p=,000^*$)	-----

As diferencias son entre os centros públicos e privados e entre privados concertados e privados.

Incidindo un pouco máis na variable “participación dos e das nais e pais”, era do noso interese afondar nas relacións das familias coa escola a través do contacto directo que establecen cos profesores titores dos seus fillos. A pregunta concreta explicitouse atendendo ó grao de asistencia, logo da correspondente convocatoria enviada desde o centro. As respostas evidencian, cunha meridiana claridade, o optimismo que se manifesta no estudio. Non pode ser doutra maneira esta impresión, se temos en conta que, en conxunto, máis das tres cuartas partes dos pais e das nais manifestan acudir “moito” (54 %) ou “bastante” (27 %) ás convocatorias de reunión do centro.

Gráfico 53: Asistencia ás convocatorias de reunión do centro



A valoración media de asistencia dos pais e nais ás reunións convocadas polos profesores titores dos seus fillos é diferente segundo o centro no que cursan os estudos, é dicir, para os centros públicos a media é 4,24; para os centros privados 4,24 e para os centros privados concertados 4,51.

Táboa 73: Comparación da asistencia ás convocatorias de reunión do titor entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	24,672	2	12,336	12,540	,000
Intra-grupos	1657,522	1685	,984		
Total	1682,194	1687			

O valor de $F=12.540$, cunha $p=.000$, indícanos, polo tanto, que existen diferencias significativas entre os centros en relación á asistencia dos pais e nais ás reunións convocadas polo profesor titor. Para coñecer entre qué centros existen esas diferencias significativas aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 74: Comparación entre as medias dos centros públicos, privados e privados concertados na asistencia ás convocatorias de reunión do titor

MEDIAS	Centro público 4,24	Centro privado 4,24	Centro privado concertado 4,51
Centro público 4,24	-----	-8,35E-03 (p=,997)	-,27* (p=,000*)
Centro privado 4,24	8,35E-03 (p=,997)	-----	-,27 (p=,083)
Centro privado concertado 4,51	,27* (p=,000*)	,27 (p=,083)	-----

Aprécianse, xa que logo, diferencias entre os centros públicos e os privados concertados.

6.2. Receptividade dos centros ás ideas e suxestións dos pais e nais


Como instancia social, a escola ten que facer o posible por lograr a mellor comunicación coa comunidade e os axentes principais desta. Do que non cabe dubidar é da importancia que ten, por múltiples motivos, a fluidez comunicativa pais-profesores. Como ben ten dito Vázquez Cazón (1995), a escola ten que comunicar aquilo que fai, e aínda todo o que proxecta, ós pais e nais para que estes poidan reforzar con maior efectividade o seu labor. Non podemos deixar de lado o feito inesquecible da familia como institución educativa porque, á parte de ser a máxima responsable do desenvolvemento infantil, é a instancia na que se orixinan patróns de conducta, modelos de vida, etc.

Son moitas as referencias que se fan na literatura científico-pedagóxica á cuestión comunicativa entre escola e familia. A meirande parte delas significan unha reflexión de conxunto sobre a relación teórica entre preparación e capacitación das familias, implicación na acción educativa, e satisfacción co labor que desenvolven as escolas.

O índice de satisfacción das familias ten que ver, non poucas veces, coa percepción que teñen sobre o real aprecio e respecto ás ideas e suxestións que transmiten nas xuntanzas ás que acoden. É por iso polo que interesaba preguntar sobre tal aspecto, xa que pode incidir na continuidade ou reforzo da participación

por parte das instancias parentais. É significado o baixo índice de quen percibe falta de atención ás súas ideas (10,6 %), xa que unha maioría considera suficientemente valoradas as súas ideas e suxestións en relación coa educación dos fillos.

Gráfico 54: Consideración das ideas e suxestións dos pais e nais



A valoración media que fan os pais e nais verbo de cómo consideran as ideas e suxestións que fan en relación coa educación dos seus fillos no centro onde estes estudian non parece ser moi diferente para os pais de centros públicos (3), privados (2,94) e privados concertados (3,14). A teor destes datos, non sería posible soste que, dependendo da tipoloxía de centro, se concede unha atención distinta ás ideas e suxestións das familias.

Táboa 75: Comparación da consideración das ideas e suxestións dos pais e das nais entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	5,590	2	2,795	2,323	,098
Intra-grupos	1750,829	1455	1,203		
Total	2483,457	1457			

O valor de $F=2.322$ cunha $p=.098$ indícanos claramente que as diferencias non son estatisticamente significativas entre os tres tipos de centros na valoración que fan verbo da consideración das súas ideas e suxestións en relación coa educación de seu fillo.

6.3. Participación nas APA

En Galicia existen dúas confederacións de APA: por unha banda, a Confederación de Asociacións de Pais de Alumnos de Galicia (CONFAPA-GALICIA) que agrupa as catro federacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e nas que se integran as APA dos centros educativos de carácter público da Comunidade galega que así o expresen mediante acordo de asemblea da APA; e, pola outra, a Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos (CONGAPA), que agrupa as catro federacións provinciais de centros privados e privados concertados.

Estas dúas organizacións teñen a súa correspondencia no nivel estatal: a CONFAPA-Galicia estaría integrada dentro da Confederación Española de Asociaciones de Padres de Alumnos (CEAPA), representante das Asociacións de Pais de Alumnos dos Centros Públicos; e a CONGAPA estaría integrada dentro da Confederación Católica Nacional de Asociaciones de Padres de Familia y Padres de Alumnos (CONCAPA).

Cadro 79: Número de APA dentro da CONFAPA-GALICIA

<i>A Coruña</i>	266
<i>Lugo</i>	79
<i>Ourense</i>	82
<i>Pontevedra</i>	164
<i>Total</i>	591

A Coruña 266 Lugo 79 Ourense 82 Pontevedra 164 Total 591

Cadro 80: Número de APA dentro da CONGAPA

	<i>Centro concertado</i>	<i>Centro Privado</i>	<i>Centro Público</i>	<i>Total</i>
<i>A Coruña</i>	22	3		25
<i>Lugo</i>	14			14
<i>Ourense</i>	12			12
<i>Santiago</i>	16		5	22
<i>Ferrol</i>	8			8
<i>Pontevedra</i>	26			26
<i>Total</i>				107

Cómpre dicir algo de entrada sobre a proximidade dos datos e da problemática que estes proxectan, entre o informe sobre a participación nas escolas galegas do curso 1993-1994, e os que obtivemos neste informe que agora estamos a presentar.

Despois de case seis anos, o tema da participación segue a ser un dos “cabalos de batalla” no ámbito da escola, con inequívoca incidencia sobre a aparición de conflitos, de maior ou menor intensidade ou relevancia. Séguese a poñer de manifesto unha percepción nomeadamente asimétrica por parte dos pais e nais e por parte do profesorado e equipos directivos. Estes últimos, directivos e profesorado, tenden a pensar que a participación dos pais e das nais debe estar limitada en razón da súa mesma profesionalización, en correspondencia cos seus graos e títulos académicos. Noutras ocasións, como se dicía no Informe de 1993-94 (Xunta de Galicia, 1996, páx. 24) son as familias quen fan unha interpretación abusiva da participación, ben a través de críticas xeneralizadas e sen fundamento real, ben a través dunha visión moi casuística e persoal dos feitos educativos (o problema do fillo de cada quen), ou ben exercitando presións excesivamente duras, a xulgar polo que din un bo número de representantes do profesorado.


Xa que logo, pode que aquí resida parte importante da explicación referida á escasa cultura participativa dos pais e nais, sen que se albisque unha melloira significativa nos niveis de compromiso participativo, e mesmo un alonxamento das previsións legais sobre o particular. Neste senso, os datos dos que agora damos conta non arrojan unha situación distinta daquela que nos últimos anos parece ser a tónica imperante. Como se dun prego de descargo se tratara, as instancias desta representación na comunidade educativa aluden, tratando de explicar o que pasa, á cativa carga de estímulos que supón participar en procesos nos que a capacidade de influencia é percibida como un ben escaso.

Posto que esa e non outra é a percepción existente nunha porción moi salientable dos pais e das nais, é bastante normal que se sintan máis animados a participar naquelas actividades menos polémicas, tipo actividades extraescolares, e bastante menos a implicarse noutra tipoloxía de asuntos que se artellan desde perspectivas vencelladas á calidade, sen perder de vista a optimización dos mesmos procesos de ensino-aprendizaxe.

Volvamos ó relato que explicitamente refire os datos para o informe que nos ocupa nesta conxuntura. En relación coa participación, constatamos que, en xeral, máis da metade, concretamente o 58,5% dos pais e nais non pertence a unha APA, fronte ó 41,5% que si pertence. Se atendemos á titularidade do cen-

tro, podemos comprobar como, dos que pertencen, o 41% son de centros públicos, o 46,3% de privados concertados. A menor participación, concretamente o 23,2%, corresponde á familiass pais de centros privados. Os que non pertencen son maioría nos centros privados (76,8%), seguido dos públicos (59%) e, por último, dos privados concertados (53,7%).

Gráfico 55: Pertenza á APA segundo a titularidade do centro




Estas diferencias na porcentaxe son, como nos indican os resultados da proba chi cadrado, estatisticamente significativas.

Táboa 76: Comparación da participación dos pais e das nais nas APA segundo a titularidade do centro

	Valor	GI	Sig.asint. (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	15,719	2	,000
Nº de casos válidos	1719		

Se temos en conta a provincia, comprobamos que a maior participación, no que atinxe á súa condición de afiliados ás Asociacións de Pais, corresponde ós pais e nais da provincia da Coruña (46,2%), seguida de Lugo (41,2%), Pontevedra (39,7%) e Ourense (29,9%). A provincia cunha maior porcentaxe de non afiliados a APA é Ourense (70,1%), seguida de Pontevedra (60,3%), Lugo e A Coruña cunha porcentaxe similar (58,8% e 53,8% respectivamente). De novo, as diferencias son estatisticamente significativas.

Gráfico 56: Pertenza dos pais e das nais ás APA segundo as provincias



Novamente aquí, estas diferencias en termos porcentuais son estatisticamente significativas.

Táboa 77: Participación dos pais e das nais nas APA (por provincia)

	Valor	GI	Sig.asint. (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	19,345	3	,000
Nº de casos válidos	1839		

Desde a nosa perspectiva, as asociacións de pais/nais (APA) de primaria teñen un futuro bastante incerto, xa que nos últimos tempos se teñen xuntado varios factores que contribúen a reducir o nivel de participación e de compromiso coa escola pública.

Os pais-nais teñen que ser considerados como membros da comunidade educativa e non ser considerados como “inimigos” do labor docente que se realiza no centro. Para iso hai que potenciar as asociacións de pais. O seu labor non pode esgotarse no tipo de tarefas que convencionalmente chamamos “actividades extraescolares” (nese senso, as APA non poden ser só oficinas de “catering” ou “tour operators”, para colocar comedores ou organizar excursións que nada teñen que ver co proxecto educativo e curricular do centro). Unha asociación de

pais é moito máis que unha axencia de axuda para estas e outras actividades a realizar na escola.

Habería que marcar moi ben os lindes e os compromisos educativos que, coa nova lei de participación son chamadas complementarias. A Administración ten que marcar pautas e liñas de actuación para que esas actividades non se realicen contando unicamente coa boa vontade de familias e profesorado.

As asociacións de pais e nais teñen que ter a posibilidade de entrar nos centros educativos sen máis limitacións que as impostas pola boa marcha do centro; limitacións que ben poden ser aprobadas polo consello escolar do propio centro educativo. Cómpre, así mesmo, que teñan un sitio onde instalarse nos centros, sen necesidade de estar sempre pedindo chaves e permisos. Naturalmente, as reunións dos pais e nais non poden estar negativamente mediatizadas por ninguén, pois do contrario tal participación perde o seu sentido fundamental.

O profesorado ten que marcar as liñas de actuación pedagóxica no ensino que se realiza dentro dos centros nos que se imparte educación primaria, e esas liñas terán que ser establecidas a través do claustro. Tal proceder é non só legal, senón imprescindible, educativamente falando. O que non sería edificante, sendo verdade que isto pasa de cando en vez, é que se acuda ós consellos escolares coas ideas prefixadas dende os Claustros porque, a falta do necesario diálogo e da controversia constructiva, acábanse impoñendo directrices na educación dos nenos sen explicación suficiente respecto da necesidade de proceder dun determinado xeito.

Cómpre, pois, moito máis diálogo e respecto ás funcións e competencias de tódalas partes, facendo cumprir, se fose necesario, as normas que están establecidas para que a opinión dos pais e nais sexa considerada, sempre, claro está, que non vulnere a necesaria autonomía e profesionalidade do profesorado.

A estas alturas, é innegable que a Administración ten que preocuparse máis da formación dos pais e nais (unha vía poden ser, sen dúbida, as mesmas APA). Tal formación, por ter unha dirección nitidamente educativa, evitaría que moitos pais puideran estragar o labor docente con intervencións no eido da aprendizaxe, cando menos, pouco felices.

É moi difícil entender que un pai vaia conscientemente contra seus fillos. Para iso é imprescindible que, a maiores das reunións que poida ter o profesional da orientación nos centros cos docentes, co alumnado, é moi recomendable


que teña reunións periódicas coas APA, ben xuntando a súa directiva ou promovendo asembleas xerais, e sempre por petición dos pais e nais para evitar o proteccionismo. Isto mesmo é predicable con respecto á inspección educativa pois é ben sabido que cunha frecuencia indesexable os seus membros teñen que facer de “apagalumes” nas distintas escolas ou zonas de influencia, en lugar de exercer o verdadeiro labor para o que están preparados, e para o que se supón que foron seleccionados. Non se esqueza que a mesma normativa legal – léase LOPAG- fala dos inspectores como asesores da comunidade educativa.

Finalmente, aparte doutras consideracións, pero tendo moi en conta a evidente baixa da natalidade en Galicia, non estaría de máis abrir canles operativas para que sexan unha realidade as chamadas APA intercentros. O perigo da situación actual non é só o de diminuír a forza dinámica que podería ter o intercambio de experiencias entre as distintas asociacións, senón o de impedir, de feito, un maior nivel de enriquecemento educativo, sobre todo na perspectiva social.

7. Valoración dos espazos e materiais de consulta no fogar

Posto que a calidade do estudio, e mesmo a consolidación de axeitados hábitos de traballo intelectual están ineluctablemente unidos ás condicións ambientais nas que ten lugar tal actividade, poucas dúbidas xurdiron respecto da necesidade de saber se as familias contan no seu fogar con algún espazo apropiado para que os escolares poidan sentirse cómodos na realización das correspondentes tarefas escolares, e mesmo para poder ler con tranquilidade, estar cos amigos, ou poder dedicar tempo a calquera outra actividade.


Resulta moi curioso que non cheguen ó 1% (concretamente só doce pais ou nais entre preto de dous mil enquisados) os que confesan non dispor de espazo axeitado para poder estudar sen interferencias ou atrancos dignos de mención. Este dato resulta especialmente rechamante tendo en conta referencias da propia administración en relación coa dispoñibilidade de espazo nas vivendas galegas (completar referencia). Pola contra, máis da metade (52,4 %) presumen de contar nas súas casas cun habitáculo moi apropiado para desenvolver as actividades de estudio por parte dos fillos.

Gráfico 57: Disponibilidade de espacio na casa

Naturalmente, a disposición de espacio autónomo para o estudo dentro da casa debe acompañarse dun coñecemento un pouco máis cualitativo sobre a dispoñibilidade de materiais a todas luces indispensables para un mellor soporte do estudo nesta etapa do ensino. En liña do respondido á cuestión previa, só o 1,1% dos pais dan conta dunha manifesta carencia ou déficit na disposición de materiais de consulta tipo enciclopedias e dicionarios. Por enriba, suman máis do 75% as familias que contan con “bastante” ou “moito” material de consulta que tanto axuda á mellora do estudo dos rapaces.

Amplíemos un pouco máis o comentario que nos permiten facer os datos obtidos sobre dispoñibilidade de materiais de consulta na casa. Tendo en conta as respostas dadas polas nais e pais, non podemos deixar de amosar certa perplexidade diante das respostas obtidas, posto que preto do 50% din dispor de “moito” material de consulta no fogar, e un 33,7 % de “bastante”. Pola contra, un 5% escaso di contar con “nada” ou “pouco” material. Tal vez a razón das respostas radique nunha concepción dispar do que se entende por material de consulta dispoñible para os escolares nos seus fogares. O que nós pretendiamos preguntar tiña que ver coa existencia ou non de dicionarios, enciclopedias, coleccións, etc., e o que pode ocorrer é que os pais e nais entenderan que estabamos aludindo a outro tipo de materiais de menor entidade académica, tipo xornais, folletos, revistas, etc..

Gráfico 58: Material de consulta no fogar



A valoración media que fan os pais e nais que teñen fillos estudiando en centros públicos, privados e concertados acerca do espazo que estes teñen na casa para facer as tarefas escolares é moi similar (4,44; 4,48; 4,53 para centros públicos, privados e privados concertados respectivamente). As pequenas diferenzas que se poden observar non son significativas estatisticamente falando, xa que o valor de $F=2.574$, cunha $p=.077$, indícanos que non existen diferenzas estatisticamente significativas na valoración que do espazo dispoñible na casa para facer as tarefas escolares fan os pais ou nais dos alumnos ou alumnas de centros públicos, privados e concertados.

Noutros termos, en xeral, a valoración por parte dos pais e nais respecto deste punto, importante para calibrar as condicións do estudo dos rapaces, é bastante satisfactoria. Dita valoración é similar na configuración de centro que vén caracterizando a nosa ordenación.

Táboa 78: Comparación do espazo na casa entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	2,531	2	1,266	2,574	,077
Intra-grupos	821,672	1671	,492		
Total	824,204	1673			

A valoración dos pais e nais respecto a esta cuestión difire segundo a titularidade do centro. Concretamente, a media correspondente ós centros públicos é 4,16; a que corresponde ós centros privados é 4,79; e para os centros privados concertados o valor medio é 4,43.

Táboa 79: Comparación do material de consulta na casa entre os centros públicos, privados e privados concertados

	Suma de cadrados	Gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupos	25,316	2	12,658	16,308	,000
Intra-grupos	1323,363	1705	,776		
Total	1348,679	1707			

Polo que atinxe ó material de consulta na casa, cando estudiamos máis detidamente as pequenas discrepancias nas valoracións feitas polos pais e nais, comprobamos que o valor de $F=16.308$, cunha $p=.000$, amosa a existencia de diferencias significativas entre os centros na valoración que os pais e nais fan verbo da dispoñibilidade de material de consulta para facer as tarefas escolares na casa. Para coñecer entre qué centros existe esa diferenza significativa aplícase a proba de Scheffé.

Táboa 80: Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados do material de consulta na casa

MEDIAS	Centro Público 4,16	Centro Privado 4,39	Centro Privado Concertado 4,43
Centro Público 4,16	-----	-,22 (p=,083)	-,27* (p=,000*)
Centro Privado 4,39	,22 (p=,083)	-----	-4,62E-02 (p=,908)
Centro Privado Concertado 4,43	,27* (p=,000*)	4,62E-02 (p=,908)	-----

Vemos, pois, que hai diferencias, neste caso, entre os centros públicos e os centros privados concertados. As familias que envían os seus fillos a centros públicos manifestan dispor de menos materiais de consulta que as familias que envían os seus fillos a centros privados, calquera que sexa a súa tipoloxía administrativa. Curiosamente, esas diferencias non se fan tan patentes entre as familias con fillos en centros públicos e as familias que os teñen en centros privados.

8. Valoración dos factores que facilitan vs. dificultan o bo funcionamento do centro

O noso propósito de indagar a situación na que se encontra o sistema educativo galego, máis concretamente o nivel primario, lévanos a ter en conta o que pensa o sector educativo formado polos pais e nais dos alumnos e alumnas.

A familia ten unha relevancia especial na educación e nos logros académicos do neno. Ademais, non podemos esquecer que os pais son a principal fonte de referencia, aínda que non a única, para a socialización dos fillos a través da transmisión de crenzas, valores, actitudes, pautas de comportamento, que incidirán, posteriormente, no seu desenvolvemento persoal e social.

Pola súa incuestionable pertinencia no estudio que estamos a desenvolver preséntanse de seguido as respostas proporcionadas polos pais e nais dos alumnos e alumnas ás dúas preguntas abertas da enquisa.

8.1. Factores que facilitan o bo funcionamento do centro

Os pais e nais dos alumnos e alumnas consideran como un factor moi relevante para o bo funcionamento do centro educativo a calidade do ensino que nel se está a impartir. Estreitamente ligados á calidade da ensinanza aparecen outras dúas variables altamente valoradas: a boa xestión por parte do equipo directivo e a profesionalidade dos docentes. Respecto destes, tamén mencionan como moi positivo que manteñan unha boa comunicación coas familias, que se preocupen polo seu alumnado, destacando as tarefas relacionadas coa titoría.

Centrándose en aspectos máis materiais, os pais e nais sinalan como positivo para o centro a existencia e o bo funcionamento do comedor e do transporte escolar. Nas respostas proporcionadas pódese apreciar como, a xuízo dos

pais e nais, a existencia dunhas adecuadas instalacións no centro (biblioteca, aula de vídeo, instalacións deportivas, ...) xunto coa súa boa conservación inflúen positivamente no desenvolvemento do centro.

Xa para rematar, indicar que o sector educativo formado polos pais e nais coida que as actividades extraescolares e, particularmente, as saídas escolares, tamén desempeñan un importante papel de cara ó bo funcionamento do centro educativo.

É preciso conseguir a coordinación de iniciativas por parte de concellos, asociacións de pais e nais, organizacións do alumnado e claustro de profesores para o deseño e execución de proxectos de actividades complementarias. Con vistas a iso, o consello escolar de Galicia insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que se proceda a unha modificación do regulametro actual de forma que, salvo obstáculos de fondo debidamente xustificadas, as propostas de uso de instalacións escolares por parte dos concellos para estes fins entenderanse tacitamente aprobadas.

Cadro 81: Factores que facilitan o bo funcionamento do centro segundo os pais e nais

Factores Bo Funcionamento	Profesorado: Profesionalidade Comunicación coa familia
	Equipo directivo: Xestión
	Instalacións do centro
	Transporte escolar
	Comedor
	Actividades extraescolares
	Calidade do ensino

8.2. Factores que dificultan o bo funcionamento do centro

Á hora de valorar os aspectos que en maior medida están a dificultar un axeitado funcionamento do centro os pais e nais céntranse tamén fundamentalmente en factores de carácter material.

Os pais e nais destacan a inexistencia, en moitos casos, de instalacións necesarias, como poden ser un pavillón deportivo ou un salón de actos; a isto únese o estado deficitario das instalacións coas que xa conta o centro: aulas, patio, biblioteca, persianas, calefacción, etc.

Con frecuencia os pais e nais aluden tamén á hixiene inadecuada, tanto á do centro en xeral como á dos aseos en particular.

Un funcionamento inadecuado do transporte escolar é outra variable que, dende o seu punto de vista, pode dificultar o bo funcionamento do centro educativo.

Ademais dos aspectos materiais comentados, menciónanse tamén, aínda que en menor medida, factores persoais. Neste sentido, os pais e nais afirman que a non profesionalidade dalgúns dos profesores e profesoras, xunto cunha deficiente vixilancia no recreo, pode dificultar o funcionamento do centro.

Cadro82: Factores que dificultan o bo funcionamento do centro segundo os pais e nais

Factores Dificultan Bo funcionamento	Profesorado: Non profesionalidade
	Instalacións do centro
	Transporte escolar
	Hixiene